



MENINXITES VÍRICAS INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS PREVENTIVAS

Recomendacións a seguir ante a aparición de casos de meninxites víricas:

Que son as meninxites víricas?

A meninxite é unha inflamación aguda das membranas (meninxes) que envolven o cerebro e a medula espiñal. Poder ser debidas a bacterias ou virus. Nas producidas por virus os máis habituais son os enterovirus. Son relativamente frecuentes, afectando principalmente aos nenos/as e mozos/as. Teñen unha evolución favorable na maioría dos casos.

Aínda que poden ocorrer ao longo do ano, no noso medio obsérvase un aumento dos casos nos meses de maio a xullo e dende outubro a finais de ano.

A sintomatoloxía máis frecuente é un cadro febril de inicio súpeto con signos menínxeos (dor de cabeza e rixidez de caluga), podendo acompañarse de vómitos. Ante a aparición desta sintomatoloxía é recomendable que acuda ao seu médico ou pediatra.

En que se diferencian as meninxites víricas das bacterianas?

A gravidade é a primeira diferenza coa meninxite de tipo bacteriano, xa que a de tipo vírico adoita ser máis leve.

Ademais, a vírica non require a toma de antibióticos, nin estes evitarían a difusión da enfermidade, polo que non se require a súa administración aos contactos.

Como se transmite?

O mecanismo de transmisión da maioría das meninxites víricas son as **feces**, que poden contaminar as mans e destas chegar á boca.

En menor medida pódense transmitir pola vía respiratoria, principalmente a través da mucosidade nasal e farínxea ou ao tusir, esbirrar.

Cales son as medidas para evitar a transmisión?

As medidas máis importantes para evitar a difusión desta enfermidade son as **RECOMENDACIÓNS DE TIPO HIXIÉNICO**, coma o lavado de mans e o manexo adecuado das feces e/ou as mucosidades nasais e/ou farínxeas dos pacientes, que deben ser aplicadas por todos aqueles que teñan contacto con enfermo.

Se desexa máis información non dubide en poñerse en contacto coa Sección de Epidemioloxía da Xefatura Territorial de Sanidade correspondente:

- A Coruña 981 155 834 · Lugo 982 292 114 · Ourense 988 066 338 · Pontevedra 986 885 872.
- Atención Sanitaria da Consellería de Sanidade 902 400 116 (as 24 horas)

MEDIDAS HIXIÉNICAS

Lavar as mans prevén enfermidades

O lavado de mans é a medida de hixiene máis importante para reducir a transmisión indirecta do virus.

A vía de transmisión polas feces , as mans ou a boca implica que os microorganismos pasan das feces ou vómitos dos enfermos á boca das persoas sans a través das mans, utensilios, obxectos, superficies, alimentos..., contaminados.

Tamén é posible a transmisión polas secrecións respiratorias, cando se tuse, esbirra...

É aconsellable lavar as mans con frecuencia e, en particular, despois de usar o retrete, ter contacto co enfermo, cambiar os cueiros, contactar con superficies e obxectos que non estean limpos e antes de comer ou preparar e servir comida.

A hixiene de mans con xabón e auga é o método máis recomendado, e o **xeito de facer esta limpeza e desinfección de mans** é o seguinte:

- Mollar as mans con auga
- Aplicar xabón e fregar as mans limpando entre os dedos e debaixo das uñas
- Aclarar con abundante auga.
- Secar as mans cunha toalla de papel desbotable
- Pechar a billa coa toalla de papel desbotable.

En lugares onde non sexa posible acceder a lavabos e as mans non estean visiblemente sucias son efectivas as solucións hidroalcolicas.

Outras medidas xerais

Ante a aparición de casos é importante incrementar a frecuencia da limpeza dos aseos, áreas de xogo e xoguetes. Esta medida axudará á eliminación dos virus que poidan estar presentes nestes lugares.

Superficies. Limpar e desinfectar as superficies, especialmente os aseos. No caso dos retretes hai que prestar especial atención ao seu reborde interior, xa que esta zona é moi difícil de desinfectar

Obxectos. Limpar e desinfectar os obxectos que habitualmente se tocan coas mans (pomos de portas, interruptores da luz..).

Elementos desbotables. Eliminar axeitadamente todos aqueles elementos que se empreguen na limpeza, así como os materiais desbotables que estivesen en contacto con feces e vómitos, tales como cueiros, trapos ou papel desbotable.